

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*ORDE do 18 de decembro de 2024 pola que se fai público o incremento do crédito previsto na Orde do 5 de setembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á xuventude e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado por esta consellería (código de procedemento CT200A).*

Con data do 17 de setembro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 179, a Orde do 5 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á xuventude e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado por esta consellería (código de procedemento CT200A).

O financiamento da convocatoria atópase distribuído nas correspondentes aplicacións orzamentarias de cada centro directivo, de acordo co seguinte detalle:

| Liñas de actuación                                                              | Aplicación       | Importe €         |
|---------------------------------------------------------------------------------|------------------|-------------------|
| Liña I: actuacións destinadas á xuventude                                       | 43.05.313A.481.0 | 623.544 €         |
| Liña II: actuacións destinadas ao voluntariado                                  | 43.05.312F.481.0 | 592.162 €         |
| Liña III: proxectos de investimento por parte das entidades xuvenís             | 43.05.313A.781.0 | 100.000 €         |
| Liña IV: proxectos de investimento por parte das entidades de acción voluntaria | 43.05.312F.781.0 | 100.000 €         |
|                                                                                 |                  | Total 1.415.706 € |

No seu artigo 2.2, segundo o disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, está prevista a ampliación excepcional dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Debido a que existe crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias con cargo ás cales se financia a convocatoria e se cumpren os requisitos establecidos nos citados artigos, considérase oportuno incrementalo co obxecto de repartir entre as entidades de iniciativa



social que concorran á convocatoria de axudas a totalidade dos fondos recadados para este fin.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

### RESOLVO:

#### Artigo único. Incremento dos créditos

Incrementábase o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Orde do 5 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á xuventude e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado por esta consellería (código de procedemento CT200A).

O importe total do citado incremento é de douscentos setenta e catro mil setecentos un euros con vinte e cinco céntimos (274.701,25 €), consignado nas aplicacións orzamentarias seguintes en función das liñas de actuación subvencionables relacionadas no artigo 5 da Orde do 5 de setembro de 2024:

| Liñas de actuación                                                              | Aplicación       | Importe €          |
|---------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------------|
| Liña I: actuacións destinadas á xuventude                                       | 43.05.313A.481.0 | 132.284,90 €       |
| Liña II: actuacións destinadas ao voluntariado                                  | 43.05.312F.481.0 | 42.416,35 €        |
| Liña III: proxectos de investimento por parte das entidades xuvenís             | 43.05.313A.781.0 | 0 €                |
| Liña IV: proxectos de investimento por parte das entidades de acción voluntaria | 43.05.312F.781.0 | 100.000 €          |
|                                                                                 |                  | Total 274.701,25 € |

A publicación desta orde non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. **Entrada en vigor**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2024

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

P.D. (Orde do 28.6.2024)

Elvira María Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

